




**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Rías Altas. Sector: Ría de Ortiqeira. Concello: Ortiqeira. Parroquia: Santa Eulalia de Ladrido ao noroeste; San Salvador de Couzadoiro ao leste; San Xoán de Mosteiro e San Xulián de Barbos ocupando o sector central; Santa María de Luía no sudoeste e San Martiño de Luama no noroeste; con moi escasa representación ao sur da de Santiago de Cuiña. Extensión: 15,81 km<sup>2</sup>

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Forma parte da ría de Ortigueira, a chamada Ría de Ladrado. Unidade chaira con relevos pouco contrastados. O mar invadiu o antigo aparato fluvial que formou a ría. Unha rede fluvial densa e meandriforme conferiu o seu aspecto labiríntico. A horizontalidade permitiu a penetración mariña e o ateigamento con sedimentos fluviais dando lugar a extensas chairas intermareais e marismas. Hai dúas subunidades, a do río Baleo e a de Luhía-Barbos. A primeira, máis fluvial, ábrese cara ao interior nun amplo val sobre o que se encaixa algo o curso fluvial. A segunda, sen rede fluvial xerarquizada, proxéctase menos cara ao continente con vertentes suaves e graduais que enlazan coas elevacións que pechan o conxunto a unha distancia de 1-2 km. Acolle a maior parte do complexo de Morouzós, co seu principal brazo, o oriental, un conxunto areoso de praia e cordón dunar notables. Estes favorecen unha aceleración do proceso de ateigamento traseiro. Inclúe os EIX Marismas da Ría de Ortigueira e Dobre frecha areosa de Morouzós.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Litoloxía moi variada, con unidades pertencentes a diferentes dominios e idades. Unha serie de bandas dispóñense en orientación NNE-SSO, compoñendo a unidade, de leste a oeste: filitas do Ordovícico medio e superior do dominio Olo de Sapo; cuarxistos e filitas satinadas do Silúrico e igual dominio; a secuencia grauvaco-filítica silúrica do Olo de Sapo; e os xistos, talcoxistos e cloritoxistos de igual idade e dominio; no extremo oeste da unidade destácanse gneises de dúas micas, do Precámbrico-Cámbrico, do dominio do Cabo Ortegal, separados da anterior por unha fronte de cabalgamento. A secuencia grauvaco-filítica contén bandas de metarriolitas e de cuarcitas e pedras de gra feldespáticas; na unidade de xistos, talcoxistos e cloritoxistos inclúense bandas de serpentinitas e metaqueratófidos e rochas intrusivas afíns. Son de grande interese os sedimentos holocenos, de praia e dunares na dobre frecha de Morouzós e de marismas tras esta.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Caracteres climáticos bastante homoxéneos a pesar da amplitude da Ría. A temperatura media anual supera os 14°C e a oscilación térmica rolda os 13° C. En canto ás precipitacións a media anual sitúase entre os 800 mm e os 1000 mm definindo o dominio ombroclimático Cálido e Seco. Non obstante, o límite sur da unidade (Coto de Meixón) recibe maiores precipitacións chegando aos 1200 mm anuais, o que define un dominio Cálido e Subhúmido.

#### OS SOLOS

Amplo esteiro que mostra a catena dende o fondo de val á cabeceira, pasando polos incipientes solos costeiros. Arenosoles álbicos na dobre frecha de Morouzós e fluvisoles típicos e salinos na área de marisma da parte interna do esteiro onde tamén aparecen estadios previos do tipo sapropel. Nas ladeiras de escasa pendente e máis próximas ás marxes do río Baleo desenvólense fluvisoles hápticos e dístricos que entran en contacto con cambisoles e acrisoles órticos. Ascendendo pola vertente, os solos son progresivamente menos profundos e fértiles orixinando umbrisoles dístricos, regosolesde cabeceira e leptosoles líticos onde aflora o substrato rochoso como no Coto de Penaquente.

#### AS AUGAS

O curso baixo do Río Baleo é a principal arteria fluvial da unidade, ao redor do que se articula boa parte da rede de augas superficiais continentais, e cara ao SO localízase a pequena conca do Rego de Lobeiros, desembocando ambos os dous na Ría de Ladrado. As augas verten á masa de Augas de Transición da Ría de Ortigueira (20475).

#### O PATRIMONIO NATURAL

Costa do IBA Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares. A costa e o intermareal quedan no LIC Ría de Ortigueira e Ladrado. A unidade defínese por bancos areosos e lamacentos intermareais e submareais (1110 e 1140), o esteiro (1130) e as marismas (grupo 13). Hai acantilados baixos co hábitat 1230, acantilados marítimos atlánticos. A dobre frecha de Morouzós achega os hábitats do grupo 21, dunas marítimas atlánticas. Existen potencialidades para os hábitats 2230, dunas con céspedes de Malcolmietalia e 2260, dunas con vexetación esclerófila do Cisto-Lavanduletalia. A plana costeira e os numerosos cursos que verten á ría ofrecen ambiente aos bosques de ribeira (91E0). Estes aparecen ao redor dos frecuentes prados hidromorfos (6420) e as canles máis importantes. Destacan as masas do río Baleo e da depresión existente tras a barra areosa, ademais das existentes nos arrosios de Luía e Lobeiros. Son habituais os rodais de frondosas de recolonización nas diferentes agras da ría.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

O mosaico de usos ofrece unha distribución espacial na que o agrícola comparte primacía co forestal de repoboación. O parcelario agrario ocupa os solos máis fértiles da unidade, terras baixas e o ámbito das canles da rede fluvial. Explotacións tradicionais que debuxan un conxunto de teselas de alto valor paisaxístico cun fondo escénico de foresta de repoboación que tapiza as suaves ladeiras que enmarcan a unidade. Os ecotóns que se definen entre estas terras de labradío e as masas arbóreas resólvense de forma diversa, nalgúns casos cunha transición de matogueira e bosque de reposición e, noutras con límites nítidos entre os prados e o arboredo. O conxunto de usos complétase co residencial que está localizado en Santa Eulalia de Ladrado e en San Xulián de Barbos, este último de escasa entidade e nun rosario de edificacións que en forma de nebulosa se dispersan ao redor das vías que unen estas parroquias.

#### MORFOLOXÍA

O asentamento de Santa Eulalia de Ladrado, situado nas faldas meridionais da Pena de Francia/Monte da Croa, ao norte da unidade, responde a unha morfoloxía de núcleo tradicional lineal ao longo da estrada AC-6101, mentres que San Xulián de Barbos, que é o outro asentamento orixinal da unidade con certa entidade, se localiza ao sur do esteiro ao redor do Arroio de Lobeiros alí onde cambia a pendente, cunha tipoloxía alveolar aglutinando varios casaríos. Outro asentamento tradicional é As Laxas situado sobre un relevo que avanza sobre o sur do esteiro próximo xa ao núcleo de Ortigueira. O resto do poboamento, maioritariamente de nova creación, tende a organizarse, agás excepcións, a partir do eixe viario da N-642 que bordea a ría, e a AC-6111 que discorre polo val do Río dos Videiros cara ao interior da provincia.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

No conxunto da unidade localízase unha ampla rede de estradas e camiños que conectan as principais entidades de poboación. A N-642/AC-862 constitúe a rede primaria básica e presenta un trazado case paralelo á fronte costeira da Ría de Ladrado mentres que a rede secundaria, entre a que destaca a AC-6111, conflúe á citada vía de xeito perpendicular ata completar a trama viaria. A liña férrea de FEVE atravesa todo o ámbito cun trazado moi próximo á liña de costa e paralela á estrada AC-862. O seu trazado responde en exclusiva aos criterios de enxeñaría propios destas obras en detrimento de consideracións ambientais ou paisaxísticas, ocupando solos de marisma e hidromorfos.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

O patrimonio arqueolóxico está representado polo Castro "O Castriño" situado en Santa María, parroquia de Luía. Mentres que os bens inmoables pertencentes ao patrimonio histórico teñen unha presenza máis numerosa, todos eles de carácter eclesiástico: igrexa de Ladrado, Ermida de Santa Ana e capela de San Fernando e o mosteiro de San Xoán.

**O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL**

A unidade está dominada polas alambicadas formas do perímetro costeiro que debuxa a Ría de Ladrado, verdadeiro protagonista da unidade. Os fondos escénicos de alto valor paisaxístico son froito dunha singular riqueza ambiental, representada polo esteiro, marismas e bancos areosos que salpican a lámina de auga da desembocadura dos ríos Baleo e Lobeiro. Terras dentro, a rede fluvial vertebrou unha paisaxe agrícola tradicional, así como os asentamentos ao proporcionar o necesario solo fértil para os cultivos e pastos. Pódese concluir que o asentamento é moi fragmentado con pequenas entidades vinculadas ás actividades agrarias que nos últimos tempos se expanden vinculados a usos de segunda residencia estacional organizada a partir do eixe viario da N-642.

**DINÁMICA DA PAISAXE**

A dinámica desta paisaxe vén determinada, por un lado, pola evolución dos ecosistemas presentes e dende o punto de vista cultural, pola actividade agraria e a máis recente explotación madeireira. Obsérvase un incremento da ocupación de uso residencial estacional non vinculado ás actividades do sector primario nin aos asentamentos orixinarios.



**RISCOS E IMPACTOS**

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

**3. AVALIACIÓN**

**VALORACIÓN DA PAISAXE**

Unidade homoxénea, cuxo principal expoñente debe adxudicarse ao alto valor paisaxístico presente non só na unidade, senón no conxunto da Ría de Ortigueira e Ladrado da que forma parte. Todo o ámbito de esteiro está incluído en varias figuras de protección de diversa índole: Humidal Protexido polo convenio internacional RAMSAR, LIC e ZEPA segundo a Directiva Hábitat, Humidal Protexido e ZEPVN segundo a Lei galega de espazos protexidos e considerado ademais como Espazo de Interese Xeomorfolóxico. Por outro lado, o núcleo de Santa Eulalia de Ladrado, é considerado como Núcleo de Identidade do Litoral, froito dunha longa relación establecida co ámbito litoral e da persistencia dos trazos propios do modelo tradicional, o que se traduce nunha morfoloxía característica do conxunto edificado. Existen diversos fitos paisaxísticos nos cumios das formas elevadas de terreo dende os que se dominan amplas panorámicas dunha das rías de maior singularidade da costa galega. En concreto, o Monte da Croa, ao nordeste da unidade, é considerado como Espazo de Interese Paisaxístico, debido a que a enerxía do relevo o fai destacar sobre os restantes relevos que rodean a unidade.



#### 4. PLANIFICACIÓN

##### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ACCIÓNS





A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ÁMBITOS DE RECUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de recualificación.

#### Lenda / Leyenda

##### Usos do solo / Usos del suelo









- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales                               |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

##### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

##### Hidrografía / Hidrografía

##### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





##### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

##### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












##### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

##### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

##### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

##### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:21.352

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



